

**LECTURA**

# O sueño de CHISPA



**É**rasede unha vez unha aldeíña chamada Arco da vella, era pequeniña, coas súas casiñas de pedra, o seu río transparente e o seu precioso campo de xirasoles que durante o verán iluminaba a aldea.

Nela vivían moitos xirasoles, pero, entre todos, había un que destacaba pola súa sinxeleza e a súa xenerosidade, e tamén por ser o máis pequeniño, o seu nome era Chispa e encantáballe ler e conversar cos demais.

Sempre soñaba con poder viaxar algún día e coñecer todos aqueles lugares maravillosos que aparecían nos libros de aventuras que lía cada noite antes de durmir.

Pero Chispa sabía que conseguir iso era algo imposible para un xirasol, que as súas raíces llelo impedían. Ser unha preciosa planta como era ela tiña moitas cousas boas, pero ela non podía viaxar, non sobreviviría se a arrancasen da terra onde nacera e da que se alimentaba.

Non obstante ela sabía que todos temos algo máxico dentro, que se chama imaxinación, así é que a miúdo pechaba os ollos, se concentraba e percorría cada canto da Terra.

Ao día seguinte comezaba o verán e no campo celebraban a Festa das Flores. Era o día máis importante e divertido do ano. Todos os xirasoles se recortaban os seus pétalos para estar lindos e estreaban algo porque dicían que traía boa sorte.

Pero Chispa nunca compraba nada novo, prefería gardar o diñeiro do seu peto para cousas máis importantes. Tampouco se cortaba os pétalos porque pensaba que así, se algún día alguén se achegaba a ela buscando a súa sombra, podería ofrecerlla. Ademais, aínda que lle encantaba a música, sempre bailaba con moito coidado e cando alguén lle preguntaba por que o facía así, Chispa contestáballes:

- Dáme medo que me caian as pipas, pode que, nalgún momento, sirvan para alimentar alguén.

- ¡Qué xenerosa es Chispa! Sempre estás a pensar en axudar os demais. Dicíanlle todos.



Cando se fixo de noite e a festa rematou, no medio da escuridade e do silencio, un grupo de gansas sobrevoaron Arco Iris. Viñan dende moi lonxe. No seu país deixara de chover, as plantas estaban secas e non tiñan nada que comer. Entre as aves estaba Fito, que facía a viaxe por primeira vez xunto ao seu irmán, o seu papá e a súa mamá.

Levan moitas horas voando sen parar e Fito está moi canso, ten fame e tamén moito sono, tanto que sen decatarse se durmiu mentres voaba, e aínda que seguiu movendo as ás, pouco a pouco foi caendo. De pronto... booooo!!! Chocou contra as ramas dunha árbore e foi caer aos pés de Chispa.

Miúdo susto a dió Chispa, enseguida se achegou a axudar a Fito, que espertou sobresaltado e berrou:

- ¡Ahhhh! ¿Quen es? ¿Onde estoy? ¿Cómo cheguei ata aquí?
- Tranquilo pequeno, díxolle Chispa. ¿Estás bien? ¿Te doe algo?

A Fito doíalle moito unha á, rompéraa ao estrelarse, polo que non podería continuar a súa viaxe.

Pero el só pensaba na súa familia:

- Eles non volverán ata que remate o verán ¿Que vou facer? ¡Estarán moi preocupados por min!, ¿Onde quedarei?
- Non te preocupes, mandarémolles unha mensaxe co seguinte grupo de gansas que pasen por aquí dicíndolles que estás ben. Quedarás na miña casa, nós coidarémosche, díxolle Chispa.





**F**ito pasou en Arco da vella dous meses inesquecibles, riu, xogou, compartiu, e aínda que, ás veces acordábase moito da súa familia, sentíase feliz nesa aldeña.

Pero o verán estaba a rematar e chegara o momento de regresar á casa, pronto volvería ver a súa familia, aos seus amigos, pero tamén chegara a hora de abandonar aquel lugar e a aquelas persoas que tanto lle quixeran. Entón ocorrúeselle unha ¡ grande idea! Pero pensou que sería mellor esperar para contarlla a Chispa. Era unha sorpresa para ela.

Ao día seguinte, un montón de gansas inundaron o ceo de Arco da vella, todos no pobo miraban asombrados cara a arriba. O papá e a mamá de Fito viron o seu filliño dende a altura. Estaban a desexar darlle un abrazo.

¡¡Por fin chegou o momento! Estaban felices de estar xuntos de novo. A familia de Fito non sabía como agradecer a Chispa tanta xenerosidade, o seu pequeno fora feliz con eles e iso nunca esquecerían.

- ¡Foi o verán máis divertido da miña vida! Dixo Fito.

Chispa estaba moi contenta porque Fito volvía ver á súa familia pero tamén moi triste porque chegaba a hora da despedida, tiñan que separarse...

**E**ntón Fito achegouse e díxolle:

- Chispa, non esteas triste, viaxarás comigo e coñecerás todos eses lugares que sempre soñaches coñecer.

Chispa abriu tanto os ollos e a boca pola sorpresa que case non puido volver pechalos, ¡ non podía crer o que estaba a oír! ¡Viaxar!

- Pero... Fito, eu non podo moverme de aquí, xa o sabes, son un xirasol e as plantas non temos pernas, temos raíces.

- Pero hai moitas maneiras de viaxar Chispa e ti sábelo, dixo Fito. Ti tes algo que forma parte de ti e que me alimentou durante todo este tempo, ¡ as túas pipas!

- ¿As miñas pipas? ¿E que farás con elas Fito?, dixo Chispa.

- Levareimas comigo e ireinas soltando en todos eses lugares maravillosos polos que vou pasar durante a miña viaxe, así poderás coñecerlos. En todos eles nacerán preciosos xirasoles e unha parte de ti permanecerá para sempre en cada un. Así o teu sono cumpríase.

Fito iniciou o seu voo e aí comezou tamén a aventura de Chispa.

Ela fora xenerosa, ofreceu a súa axuda a quen o necesitou e sempre pensou nos demais antes que nela, por iso chegou o día en que o seu soño se cumpriu.



